

Homenaxe no 76 cabodano da "Volta dos Nove"

Escrito por IEM

Martes, 09 Outubro 2012 23:16



Amigas e amigos do IEM:

Na madrugada do vindeiro 15 de outubro cumprirase o 76 cabodano do trágico [asasinato dos 9 veciños do Val Miñor](#)

na estrada Baiona - Camposancos, á altura do quilómetro 58 da Bombardeira (Baredo), hoxe coñecida como a "Volta dos Nove". Como tódolos anos, familiares dos asasinados e o Instituto de Estudos Miñoranos, desenvolverán unha sinxela homenaxe que terá lugar o día domingo 14 de outubro ás 13 horas.

Diante do monumento que lembra a súas memorias, obra do escultor Fernando Casás, se realizará unha ofrenda floral e dirixirá unhas palabras o historiador, Carlos Méixome, director do IEM.

Convidamos a todas e todos a participar do acto.